



Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2009

Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:

Á CIG-Ensino resúltalle inaceptábel que a Consellaría pretenda suprimir as *“axudas para o alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos e para o alumnado e profesorado de centros docentes concertados da Comunidade Autónoma de Galicia que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas.”*, que se viñan convocando desde hai anos. Con esta decisión, a Consellaría pon en evidencia, novamente, a súa desconsideración co traballo dos centros escolares, pois adopta, unilateralmente, unha decisión que prexudica os centros sen lles comunicar estes cambios en ningún momento. Por outro lado, é un novo desprezo cara ao profesorado, ao facer irrealizábeis proxectos de intercambio desenvolvidos con moito esforzo e que se veñen facendo desde hai moitos anos, nalgún caso co recoñecemento de premios á actividade.

Como supoño que saberá, até o de agora, estaba establecido que, para solicitar estas axudas, os centros tiñan que presentar un proxecto pedagóxico da viaxe que incluía os obxectivos e as actividades a realizar, tanto no seu centro como no centro receptor, amais de integralo na programación anual do curso. Tamén debería saber que moitos centros xa teñen realizados os preparativos do intercambio, incluídas as reservas da viaxe, datas do intercambio, programa de actividades, etc. Estes intercambios, Sr. Conselleiro, aínda que insuficientes, facían posíbel a participación de alumnos e alumnas que dificilmente ou nunca poderán optar a esta inmersión lingüística.

Con esta supresión, a Consellaría evidencia o seu desinterese pola formación en idiomas estranxeiros, pondo de manifesto a verdadeira intención das *“Bases do trilingüismo”*, que non é outra que a de reducir a presenza do galego no ensino e non, como se afirma, promover unha mellor aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Desde a CIG-Ensino, exixímoslle que manteña estes intercambios e estadias por seren útiles para a aprendizaxe das linguas e estaren organizados e proxectados polos centros; do contrario, se nos atemos aos beneficiados no ano pasado, estaría desprezando o traballo do profesorado de 72 centros e desconsiderando a formación de 1517 alumnos/as.


Anxo Louzao Rodríguez
Secretario Nacional da CIG-Ensino

**SR. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E O.U. CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN E O.U.
XUNTA DE GALICIA. SANTIAGO**